

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022-2023

O día 11 de febreiro de 2022 o Diario Oficial de Galicia publica o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste decreto incorpóranse as modificacións introducidas na LOE pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro e que afectan, entre outras cuestións, aos criterios de admisión e á súa ponderación.

A súa entrada en vigor, implica, conforme ao establecido na disposición derogatoria única a derogación do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, e todas as normas de rango igual ou inferior no que se opoñan.

Tendo en conta o anterior, e en tanto non se aprobe a nova orde que desenvolva o decreto, cómpre ditar instrucións que recollan aqueles aspectos básicos non reflectidos na orde do 12 de marzo de 2013 (aplicable en todo aquilo que non contradiga o novo decreto aprobado), que son necesarios para garantir a correcta xestión do proceso polos centros, familias e alumnado.

Polo tanto, e co obxecto de facilitar o normal desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado do curso 2022/2023 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten as devanditas ensinanzas, e de conformidade coa disposición derogatoria única do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro e coa Orde do 12 de marzo de 2013, resolvo ditar as seguintes:

INSTRUCCIÓNS:

1. Proceso ordinario de admisión. Prazo

- a) O proceso de admisión de alumnado tramitarase mediante a aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).
- b) O prazo de presentación das solicitudes ordinarias de admisión abranguerá do día 1 ao 21 de marzo de 2022, ambos incluídos.
- c) Corresponde ao consello escolar dos centros públicos decidir sobre a admisión de alumnado¹ e nos centros privados concertados, a decisión correspóndelle á súa titularidade coa participación do consello escolar².

2. Prazas vacantes. Reserva para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Adxudicación

- 1 Artigo 127.e) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- 2 Artigo 57.c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.



a) O centro educativo configurará a súa oferta de prazas a través de *admisionalumnado*. As prazas de bacharelato configuraranse distribuídas entre as distintas modalidades destas ensinanzas que se impartan no centro.

Unha vez validada a oferta pola inspección educativa publicará, antes do 1 de marzo, as **vacantes**. Calquera modificación que poida producirse con posterioridade, deberá ser autorizada expresamente pola inspección educativa.

O numero de vacantes podería reducirse no caso de que algunha das prazas deba destinarse, con carácter excepcional, a atender necesidades de escolarización por causas extraordinarias reguladas no artigo 16.1 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro e, en todo caso, coa data límite na que o centro publique a lista provisional de persoas admitidas e non admitidas (ata o 25 de abril, este incluído).

Non se considerarán como vacantes as prazas escolares non ocupadas polo alumnado ao que se adxudicaron, cando os proxenitores deberon desprazarse transitoriamente fóra do concello durante o curso, por motivos laborais debidamente acreditados mediante un certificado expedido pola correspondente administración pública ou empresa, e sexa previsible que o alumnado se reincorpore á praza antes de que remate o mesmo curso. Igual criterio se aplicará cando o alumnado realice o curso no estranxeiro.

b) No 1º curso do segundo ciclo de educación infantil, no 1º curso de educación primaria e no 1º curso da educación secundaria obrigatoria, publicarase o número total de postos que correspondan por unidade ou grupo, informando que destes reservaranse 3 prazas para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. No caso de non adxudicarse a este alumnado, asignaríanse ao resto no procedemento de admisión ordinario (na listaxe definitiva, ou de ser o caso, na adxudicación subsidiaria).

c) As prazas ofertadas adxudicaránse aos solicitantes seguindo o procedemento que regulan os artigos 14 e 15 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro a Orde do 12 de marzo de 2013. Concretamente:

1º. Ao alumnado con solicitude presentada en prazo, entre o 1 e o 21 de marzo, ambos incluídos (artigo 15.1, 2, 3 e 4 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro).

2º. Despois da adxudicación subsidiaria, ao alumnado con solicitude presentada entre o 22 de marzo e o 25 de abril (ambos incluídos) ou con outras irregularidades na súa solicitude (artigo 15.5 e 15.6 Decreto 13/2022, do 3 de febreiro).

3. Solicitudes

a) A solicitude de admisión realizarase no modelo ED550B-anexo II e a comprobación dos membros da unidade familiar no anexo II bis.

As persoas solicitantes poderán:



- Cubrir os formularios na aplicación *admisionalumnado* e presentalos por **vía electrónica**, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, sempre que se dispoñan de certificado dixital ou de Chave365. O anexo II-bis, unha vez cuberto, deberán imprimilo, asinalo e axuntalo coa solicitude (anexo II).

- Descargar os formularios da aplicación *admisionalumnado*, da sede electrónica da Xunta de Galicia (dirección <http://www.xunta.es/portada>) ou da páxina web desta consellería (dirección <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/32849>) para cubrilos manualmente e presentalos de **forma presencial**.

Os formularios estarán dispoñibles o 1 de marzo de 2022.

b) Os centros tramitarán **todas** as solicitudes presentadas en prazo (1-21 de marzo), aínda que nese momento non existan vacantes.

c) Os centros educativos facilitarán, de forma gratuíta, unha copia en papel dos formularios ás persoas interesadas que a soliciten.

d) A solicitude será única. Unha solicitude de admisión presentada nun centro educativo poderá **anularse** mediante a presentación doutra solicitude posterior, indicando expresamente por escrito que queda sen efecto a anterior ou anteriores.

O alumnado que tivese posto reservado en centro de adscrición poderá presentar solicitude de admisión, se acredita que renunciou ao posto reservado antes do 28 de febreiro de 2022³.

A duplicidade de solicitudes tramitárase de acordo co previsto no artigo 15.6 do Decreto 13 /2022, do 3 de febreiro e o artigo 34 da Orde do 12 de marzo de 2013, a fin de escolarizar ao alumnado afectado.

e) A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, deberase requirir á proxenitora ou ao proxenitor que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.

De existir unha discrepancia formulada expresamente por escrito pola proxenitora ou polo proxenitor que non asine, non se paralizará o expediente, sen prexuízo de que os feitos se poñan en coñecemento da xefatura territorial para o seu traslado, se é o caso, ao Ministerio Fiscal.

3 Artigo 11.3 da Orde do 12 de marzo de 2013.



En espera da decisión xudicial, escolarizarase de forma cautelara ao menor no centro docente que corresponda, tendo en conta a solicitude formulada pola proxenitora ou o proxenitor que teña atribuída a garda e custodia e con quen conviva de forma habitual.

4. Composición da unidade familiar

A unidade familiar está composta por:

- a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, as titoras ou acolledoras do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade que estean incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos se convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou análoga relación de afectividade ás anteriores con convivencia no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.

Polo tanto, nos casos de separación ou divorcio:

- Con **custodia compartida**: a unidade familiar está composta polas persoas proxenitoras e os seus descendente comúns.
- Con **custodia exclusiva**: a unidade familiar está composta pola persoa proxenitora que teña a custodia exclusiva e os fillos suxeitos a esta custodia; e de ser o caso, polo novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora. Non se inclúe á outra persoa proxenitora do alumnado.

5. Aplicación dos criterios xerais de admisión de alumnado

1. Cando o número de solicitude sexa superior ao de postos dispoñibles, o centro abrirá un prazo de 10 días hábiles, entre o 24 de marzo e o 6 de abril, ambos incluídos), para presentar, de forma presencial no centro, a documentación xustificativa dos criterios xerais de admisión alegados pola persoa solicitante.

Non obstante, consultarase de forma **automática**:

- Domicilio fiscal, condición de familia numerosa e discapacidade recoñecida pola xunta de Galicia do alumnado, proxenitores, titores ou irmáns, cando non se opoñan expresamente na solicitude.



- Renda *per cápita* dos membros computables da unidade familiar, cando se consinta expresamente na solicitude.

Nos casos en que se opoñan á consulta ou non a consintan, deberán achegar o correspondente **documento** acreditativo.

2. Na valoración do criterio de irmás ou irmáns matriculados en centros educativos públicos (artigo 9.1.a) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), consideraranse os escolarizados no centro adscrito ou no de adscrición no nivel inmediato superior⁴.

3. Para os efectos da valoración do criterio de proximidade do centro ao domicilio familiar (artigo 9.1.b) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), a certificación do padrón municipal de habitantes expedida polo órgano competente do concello, será o principal medio de acreditación das circunstancias da unidade familiar: domicilio familiar, membros da familia que conviven nel e data de alta na vivenda.

Toda persoa que resida habitualmente nun concello está obrigada por lei a inscribirse no seu padrón. Polo tanto, non se pode admitir como xustificación o feito de residir no concello dende hai máis dun ano sen darse de alta no padrón⁵.

4. Para a valoración da renda *per cápita* da unidade familiar (artigo 9.1.c) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual.

Para tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casañas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2020; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2022.

5. Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2020, que está fixado en 6.454,03 euros⁶.

6. Para considerar o criterio de proxenitora, proxenitor ou representante legal que traballen no centro (artigo 9.1.d) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), debe existir un vínculo mediante contrato de traballo, relación funcional ou asimilada. Nos centros privados concertados, considerarase asimilada a relación das persoas socias cooperativistas e a da titularidade do centro.

7. Enténdese por familia monoparental (artigo 9.1.g) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro) o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra

⁴ Artigo 8 da Orde de 12 de marzo de 2013 e 3º.2 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro.

⁵ Artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

⁶ D. A. Centésima décima novena da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 (BOE do 4 de xullo de 2018).



persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas, tutelados e acollidos ao seu cargo nos supostos recollidos no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

8. En canto á discapacidade, o artigo 9.1.h) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, establece que a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de Clases Pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, terá a mesma consideración que a discapacidade igual ao 33%, como consecuencia de ter en conta unha previsión nese sentido no artigo 4.2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos da persoa con discapacidade e de inclusión social.

Polo tanto, a existencia de discapacidade pode acreditarse:

- Mediante un certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.
- Mediante a xustificación de cobro dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou dunha pensión equivalente de Clases Pasivas.

9. Para a consideración de vítima de violencia de xénero (artigo 9.1.i) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), atenderase ao documento que acredite a dita situación conforme ao previsto na normativa vixente.

10 Para a consideración de vítima de terrorismo (artigo 9.1.j) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), atenderase ao documento que acredite a dita situación conforme ao previsto na normativa vixente.

6. Centros de adscrición

A consideración dos centros públicos adscritos como “*centro único*” aos efectos de aplicación dos criterios de admisión abrangue unicamente ao centro adscrito e ao centro de adscrición do nivel inmediato superior⁷.

7. Listaxes de persoas admitidas e non admitidas: Elaboración e publicación

As listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e *non admitidas*⁸ serán elaboradas, exclusivamente, mediante a aplicación *admisionalumado*, e a súa exposición para consulta polas familias só se poderá realizar de forma:

- **Presencial:** Única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar. En base ás recomendacións vixentes en materia de protección de datos persoais, non

⁷ Artigo 8 da Orde do 12 de marzo de 2013 e 3º. 2 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro.

⁸ Artigos 30 e 31 da Orde do 12 de marzo de 2013.



se poderá realizar por ningún outro medio físico de publicación (exemplo: os taboleiros ou as zonas acristaladas visibles desde o exterior do centro).

- **Non presencial:** Única e exclusivamente a través da aplicación *admisionalumnado* empregando a Chave365 ou certificado dixital. En base ás recomendacións vixentes en materia de protección de datos persoais non se poderá realizar a través de ningún outro medio electrónico de publicación (exemplo: as listaxes en aberto na páxina web propia do centro educativo). Non obstante, na páxina web poderase anunciar o momento en que as listaxes estean dispoñibles na aplicación.

8. Fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares

a) A fase de adxudicación subsidiaria⁹ de postos escolares será xestionada a través da aplicación informática *admisionalumnado*.

b) Ao inicio do procedemento a xefatura territorial informará aos centros docentes das solicitudes de admisión que lles afecten.

c) Valorarase o criterio complementario aprobado polos centros solicitados como segunda opción e seguintes, sempre que estea acreditado no expediente achegado á xefatura territorial. Non obstante, poderase requirir, de forma motivada, a documentación complementaria que se estime necesaria para acreditar a circunstancia alegada, concedendo un prazo de 5 días hábiles para a súa presentación; procederase de igual xeito con calquera outro criterio a valorar.

9. Empate na puntuación

No caso de empate na puntuación, aplicaranse sucesivamente os criterios de desempate do artigo 9 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro. De manterse este, resolverase por sorteo público conforme ao previsto no artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013. Para os efectos de aplicación destes criterios, se a alumna ou o alumno carece de segundo apelido, o lugar deste será ocupado polo nome.

10. Outros supostos de adxudicación despois da fase subsidiaria

Despois de rematada a adxudicación subsidiaria de postos escolares ao alumnado con solicitude presentada en prazo (entre o 1 e o 21 de marzo, ambos incluídos), a comisión de escolarización ou xefatura territorial cando no se constituíse aquela, propondrá as medidas necesaria para escolarizar:

1. En primeiro lugar, ao alumnado con solicitude presentada en prazo (1-21 de marzo, ambos incluídos) que non obtivese posto indicado na súa solicitude (artigo 15.4 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), de ser precisa a súa escolarización.

⁹ Artigos 15.2 e 3 do Decreto 13/2002, do 3 de febreiro, e 35 e seguintes da Orde do 12 de marzo de 2013



2. A continuación, ao alumando con solicitude presentada fóra de prazo (entre o 22 de marzo e o 25 de abril, ambos incluídos) ou con outras deficiencias (artigo 15.5 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro).

3. E despois, ao alumnado que perdeu o dereito a participar no procedemento de admisión por indicar na solicitude ou na documentación datos que non se axusten á realidade, ou por presentar solicitude de admisión sen renunciar expresamente á anterior ou anteriores (artigo 15.6 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro).

A perda do dereito a participar no procedemento correspóndelle declárala á persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación, logo de dar audiencia ás persoas interesadas.

11. Procedemento de escolarización extraordinaria

Comprende a tramitación das seguintes solicitudes:

1. Solicitudes de escolarización que se presenten ao longo do curso, en calquera momento, por algún dos motivos indicados no artigo 16.1 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro.

Terá preferencia, na área de influencia que corresponda ao domicilio ou ao lugar de traballo, indistintamente, dalgún dos proxenitores ou titores legais, o alumnado cuxa escolarización en centros públicos e privados concertados veña motivada: por traslado da unidade familiar debido á mobilidade forzosa de calquera dos proxenitores ou titores; unha discapacidade sobrevida de calquera dos membros da unidades familiar; ou a un cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero¹⁰.

A persoa titular da xefatura territorial poderá autorizar un incremento de ata o 10% do número máximo de alumnado por aula nos centros públicos e privados concertados, para atender necesidade inmediatas de escolarización de acordo co previsto no artigo 87.2 da LOE.

Para estas solicitudes utilizarase o modelo de solicitude de escolarización extraordinaria, anexos III e III bis que se achegan con estas instrucións, que poderá presentarse nas dependencias da xefatura territorial ou dos centros docentes; neste caso, o centro remitirá estas ás xefaturas territoriais.

2. Solicitude de admisión presentadas entre o 26 de abril e o 1 de setembro, ambos incluídos, que se resolverán antes do inicio do curso escolar (artigo 16.2 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro).

12. Admisión e formalización da matrícula

a) A matrícula formalizarase mediante a presentación do correspondente formulario que os centros poderán descargar dos informes predefinidos de XADE.

¹⁰ Artigo 84.7 da LOE.



b) Todas as anotacións relativas á fase de matrícula serán realizadas polos centros educativos en XADE.

c) Deberá presentar o formulario de matrícula o alumnado ao inicio da escolarización: 4º de educación infantil ou 1º de educación primaria. O alumnado xa escolarizado no sistema educativo, presentará o documento cando:

1º. Cambie voluntariamente de centro.

2º. Inicie a correspondente etapa educativa procedente dun centro adscrito, conforme ao dereito de prioridade.

3º. Curse ensinanzas de ESO ou bacharelato.

d) Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en educación infantil e primaria sen cambio de centro non é necesario presentar o formulario.

Santiago de Compostela,

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

